

Procesos de exclusión no emprego e estratexias laborais na crise: o caso do sector doméstico e de coidados

Exclusion Processes an Labour Strategies in the Spanish Crisis: The Case of Care Workers



LUCÍA MARTÍNEZ VIRTO

Grupo de Investigación ALTER
Universidade Pública de Navarra

Resumo

Aínda que a crise en España parece estar tendo un impacto xeneralizado en materia laboral e económica, a intensidade da súa afección non responde a patróns democráticos. Neste aspecto, diversos factores contribúen a recibir un impacto máis forte. Entre eles, a idade, o sexo, a orixe étnica e a natureza do sector foron determinantes á hora de protagonizar itinerarios de descenso en materia laboral, polo que as mulleres de orixe estranxeira empregadas no sector doméstico e de coidados se atopan nunha realidade especialmente vulnerable. O obxectivo principal deste traballo é achegármonos ao impacto que a crise tivo neste colectivo, co fin de analizar as implicacións que o escenario económico, político e social tivo no día a día destas traballadoras e identificar os esforzos desenvolvidos para contrarrestar as dificultades. Para iso, procúrase comprender o cotián destas traballadoras a través dos seus propios discursos, unha análise a partir da técnica cualitativa dos relatos de vida que permite identificar as implicacións económicas e os efectos das mudanzas lexislativas neste sector e nas condicións de vida das súas traballadoras.

Palabras chave: crise, emprego doméstico, coidados, estratexias, mulleres migrantes.

Abstract

Even though the crisis in Spain is having a generalized impact on the employment and the household economy, the intensity of this impact does not respond to democratic standards. In this regard, several factors contribute to receive a stronger impact. Among these, age, sex, ethnic origin and the nature of the sector have been decisive to develop exclusion itineraries, so that domestic and care migrant women workers are especially vulnerable. The main objective of this study is to approach the impact of the crisis in these employees, in order to analyze the implications of the economic, political and social development on their daily lives and identify the efforts to face up to the difficulties. To do so, we are going to understand the daily lives of these workers through their own speeches, that is, an analysis from the qualitative technique of life stories that identifies the economic implications and effects of the legislative changes in this sector and in the living conditions of their workers.

Keywords: *Crisis, Precariousness, Strategies, Migrant domestic and care workers, Spain.*

1. Introducción

O incremento dos niveis de pobreza e desigualdade nos últimos anos en España debuxa un escenario alarmante. Segundo a Enquisa de condicións de vida (ECV), a poboación española en risco de pobreza creceu en 1,4 millóns até 2010; actualmente máis de 8,5 millóns de persoas están en situación de exclusión (entre o 18,3% e o 18,6% dos fogares), e a porcentaxe de fogares que viven con ingresos inferiores ao 30% da renda mediana é do 5,2%. Isto supón 2 390 000 persoas en pobreza severa (un aumento de 550 000 desde 2006). Porén, a intensidade con que a crise azouta os fogares non se distribúe de xeito democrático, pois o impacto foi maior nas rendas máis baixas, polo que se experimentou un maior crecemento da pobreza severa. Neste contexto, a falta de emprego, o aumento da precariedade laboral ou a redución de ingresos materialízanse no endurecemento das condicións de vida dun gran número de fogares en España.

O obxectivo principal deste artigo é o achegamento ao impacto que a crise tivo nas condicións de vida das mulleres migrantes que se empregan no sector doméstico e de coidados, co fin de analizarmos as implicacións que o escenario económico, político e social tivo no día a día destas traballadoras e identificarmos os esforzos desenvolvidos para contrarrestar as dificultades. Para iso, atenderase aos seguintes contidos: contextualización do impacto da crise, identificación dos diferentes factores de exclusión implicados, procesos de exclusión en materia de emprego e consecuencias económicas, sociais e políticas, ben como as estratexias desenvolvidas para enfrontar as dificultades e os custos destas accións.

Os resultados que se presentan nótrense de fontes estatísticas como a Enquisa Foessa 2007 e 2009, o cal permitirá dimensionar e intuír algúns dos procesos de exclusión observados. Esta análise simultaneouse coa doutras fontes estatísticas de carácter oficial e anual, caso da Enquisa de poboación activa ou a Enquisa de condicións de vida, as cales, alén de complementaren algúns resultados, permitiron comprobar que estes procesos se manteñen e mesmo se estenden a medida que a crise se vai prolongando. Ora ben, esta aproximación cuantitativa ao impacto da crise combínase cunha análise cualitativa, principal soporte metodolóxico do traballo, baseada en relatos de vida de fogares en situación de exclusión social. Esta simbiose de ferramentas permitiu identificarmos as implicacións cotiás tanto das situacións de dificultade como das estratexias desenvolvidas para contrarrestalas. Son conclusións obtidas, á súa vez, dun traballo máis extenso e

centrado especificamente nos procesos de exclusión e nas estratexias de integración na crise (Martínez Virto, 2013).

2. Impacto da crise non democrático

O incremento do número de fogares que se atopan en risco ou situación de exclusión social sen dúbida é preocupante. Con todo, aínda que o impacto da crise foi xeneralizado no tocante á perda de capacidade económica dos fogares por un aumento das dificultades de acceso ao mercado de traballo, pola baixada real dos salarios e mais por un incremento dos impostos, resultou especialmente intenso naqueles fogares que previamente á recesión xa padecían realidades de maior dificultade. A razón pola cal os efectos non se repartiron de xeito equitativo recae en particular en dous aspectos: a debilidade do vínculo co emprego (empregos precarios e sectores de baixo recoñecemento social) e a acumulación de factores de exclusión. É dicir, a idade, o sexo, a orixe étnica e a natureza do sector foron determinantes á hora de protagonizar itinerarios de descenso.

Neste sentido, os fogares máis afectados foron aqueles encabezados por unha persoa excluída do emprego estable ou con emprego precario, os fogares cunha rede de apoio social fráxil e aqueles en que hai membros con graves problemas de saúde ou dependentes. Alén diso, as familias encabezadas por xente nova, por mulleres, cunha soa persoa activa e de etnia xitana ou orixe estranxeira demostraron, desde os primeiros anos da crise, unha afección máis intensa (Laparra e Pérez, 2011).

Xa que logo, atopamos nas mulleres de orixe estranxeira empregadas no sector doméstico e de coidados un perfil que acumula diversos factores de exclusión que inciden de xeito importante nas posibilidades de padecer o impacto da crise. Isto é, o seu precario vínculo laboral cun sector de escaso recoñecemento social e laboral (Fernández e Martínez-Virto, 2011), a estreita relación dos seus empregos con políticas sociais que viron intensamente reducido o seu orzamento (caso da denominada Lei de dependencia) e o seu perfil de muller estranxeira convertéronas nun branco doado para sufriren o embate da crise.

3. O desemprego e a precariedade laboral: detonante de moitos procesos de exclusión

Un dos efectos máis inmediatos da perda dun emprego ou da súa precarización é a diminución da cantidade e estabilidade dos ingresos dun fogar. Exemplo diso é, segundo a mostra de fogares da Enquisa Foessa 2009, un total de 34,2% de fogares que manifestaba xa nese ano que a súa capacidade adquisitiva se vira reducida por causa da crise. Á súa vez, e froito desa concatenación de efectos que caracteriza as situacións de vulnerabilidade, a perda de capacidade adquisitiva dos fogares pode provocar o risco de padecer privacións, a falta de capital para aboar subministracións e problemas de liquidez para facer fronte ao pagamento da vivenda, entre outros. No entanto, ademais de que os febles vínculos co mercado de traballo puideron abrir novos espazos de exclusión alimentaría ou residencial, tamén puideron culminar en procesos de exclusión nos ámbitos político e social. A perda dos dereitos sociais vinculados ao contrato de traballo pode abocar as persoas non nacionalizadas sen emprego ou sen prestación económica a unha irregularidade sobrevida pola imposibilidade de renovaren os papeis. Igualmente, os efectos diso non son menos salientables no ámbito das relacións sociais, onde o incremento do estrés, a conflictividade familiar, o risco de depresión ou a perda de autonomía puideron limitar a capacidade de axuda das redes informais.

Certo que o emprego doméstico e de coidados non foi un sector con moita destrución de postos de traballo, mais os efectos da crise, tal e como manifestan as súas traballadoras, están vinculados a un incremento da precariedade laboral. Nesta liña, en trazos xerais, a precarización laboral iniciada nas épocas de bonanza económica intensificouse canda o avance da crise económica. O seguinte gráfico mostra como a inestabilidade dos empregos constituíu un aspecto chave no pulo da precariedade laboral e salarial dos fogares. Unha realidade que, ademais, non escapa a ningún tipo de fogar. Ante a pregunta de se entre 2007 e 2009 o emprego realizado era máis precario como consecuencia da crise, os fogares integrados e precarios responderon afirmativamente nun 3,8% e 7,8%, mentres os excluídos compensados e severos o fixeron nun 14,8% e 12,7% respectivamente¹.

¹ Clasificación desenvolvida a partir da Enquisa Foessa. Con ela, e como resultado da heteroxeneidade que caracteriza as situacións de exclusión e integración, identifícanse catro espazos: a integración, a integración precaria, a exclusión compensada e a exclusión severa. Véxase Laparra e Pérez (2011).




Gráfico 1. Fogares que manifestan ter un emprego máis precario por causa da crise (porcentaxe a respecto do total da mostra). Fonte: mostra conxunta da Enquisa Foessa (2007/09).

Por tanto, amais das alarmantes cifras do desemprego en España, que alcanza xa o 27,16% (EPA, 2013, 1.º trimestre), a precarización do emprego foi un efecto da crise non menos importante no ámbito laboral. Como se adiantaba, na liña do observado a partir dos datos cuantitativos, os relatos permiten comprender as implicacións que os procesos de exclusión no emprego teñen nas realidades cotiás dos fogares entrevistados. Aínda que a maioría destes fogares se atopaba xa en situacións de vulnerabilidade, as dificultades no acceso ao mercado de traballo intensificáronse de xeito notable como consecuencia da crise. As rupturas co piar económico estiveron definidas nas empregadas domésticas e de coidados pola diminución das ofertas de emprego. Estes procesos son nitidamente manifestados polas persoas que os padecen e evidencian como os obstáculos para accederen ao mercado de traballo se viron incrementados neste contexto de crise:

Antes un dicía: «Mira este traballo». Coidaba persoas maiores. Mais despois saía traballo nunha empresa de limpeza, por exemplo, eu deixaba a residencia e íame á empresa limpar oficinas que é máis doado e moito mellor que estar a coidar un avó. En cambio, agora non hai iso.

Isabel, 37, anos, Ecuador, n.º 4

A esta redución cuantitativa de ofertas de traballo incorporáselle unha limitación máis, o aumento das traballadoras no sector. Iso débese a que a crise empurrou un alto número de mulleres autóctonas ao sector e a unha alta porcentaxe de migrantes que volven tras vivir, en épocas de bonanza, traxectorias de ascenso a outros sectores. Tal aumento de traballadoras no sector contribuíu a precarizar as súas condicións laborais e a establecer a selección de traballadoras con base en criterios como a orixe. Non obstante, a volta a este sector de traballadoras que estiveran empregadas noutros sectores supón tamén o seu retorno á vulnerabilidade:

Antes traballaba como operaria. Tiña as miñas oito horas, tiña a miña seguridade social, as miñas vacacións, pois todo ben. Aí estíbese ben, mais en cambio agora, hora que traballo, hora que gaño; o día que non traballo, pois non gaño.

Isabel, 37 anos, Ecuador, n.º 4

Para alén, hai outro problema que emerxe tamén do aumento da competencia entre as persoas a procuraren emprego. Ao se converter nun recurso escaso e, así pois, pular a loita entre as persoas que non dispoñen del, contribuíu a un perigoso rexurdir, como no caso de Laura, dalgúns discursos con reminiscencias racistas alimentadas pola intensificación da «outredade» que se produce en épocas de dificultades económicas (Cachón e Laparra, 2009):

Si imos, mais non sae nada... Hoxe á tarde irei á dos portais que traballaba antes pedilo e ver se ten algo. Mais é que están en todos xente de fóra, vaias onde vaias... son todo xente de fóra. Non é que eu sexa racista, que eu son xitana, mais vas a un Día e todas de fóra.

Laura, 26 anos, Navarra, n.º 3

A discriminación étnica cara aos colectivos ou os símbolos culturais e/ou relixiosos doutros grupos dificulta, máis se cabe, a incorporación laboral destas persoas. Estes elementos supoñen, ademais, un factor acumulativo para os mozos, as mulleres ou os colectivos con baixa formación, e provoca o desenvolvemento de procesos de exclusión máis severos:

Dígolles que quero traballar en portais, escaleiras, e dinme que hai veciños que non aceptan mulleres musulmás con pano. Eu non teño problemas coa roupa de traballo, o problema é o pano, por que non me aceptan?

Dunia, 34 anos, Marrocos, n.º 13

Estes prexuízos cara ás persoas doutras relixións estableceron xerarquías internas entre os colectivos de persoas inmigradas, nunha selección que vén alentada por elementos que se fundamentan na similitude cultural como factor que facilita os procesos de integración e aceptación. Como exemplo diso, e fronte aos colectivos norteafricanos, as persoas latinoamericanas posúen uns trazos físicos, históricos e culturais próximos aos autóctonos, debido a que falan o mesmo idioma e son persoas que profesan, maioritariamente, a relixión católica (Agrela, 2002; Lasheras, 2011).

A estas realidades de discriminación engádese a fenda salarial. Segundo a última enquisa salarial do Instituto Nacional de Estatística (2012), a diferenza de salario entre homes e mulleres é do 22%. No caso das mulleres de orixe estranxeira, a diferenza incrementábase aínda máis, corroborando o efecto acumulativo de factores discriminatorios. Esta discriminación salarial é ás veces aceptada con resignación, e mesmo socialmente admitida, ante un escenario de elevadas taxas de desemprego e escasas ofertas de traballo. A sinalada superposición de factores de exclusión como, por exemplo, o sexo e a orixe étnica, incrementa os itinerarios de descenso. Este sería o caso das mulleres:

Hai moitas compañeiras ou amigos que ás veces comentan, comentan cousas, pois, ás veces, cando falamos: «Pagoume 8 euros a hora». Pero como non nos queda máis, contentámonos nós mesmas e hai veces que dicimos: «Ben, mais 8 euros a hora, mais... que é iso de 8 euros a hora?», comentamos con alguén de aquí... «Como vas cobrar 8 euros a hora?» Iso non. Daquela... pois xa vemos que, como é de fóra, menos. Iso non está ben nin aquí nin alá. Iso non está ben. Mais en fin...

Fernanda, 38 anos, Ecuador, n.º 10

Outro dos efectos da crise manifestados polas traballadoras entrevistadas é a progresiva precarización dos seus propios empregos por mor dun aumento da inestabilidade laboral e salarial, a esixida flexibilidade horaria e a limitación das oportunidades de mellora. Como consecuencia, os colectivos empregados nestes sectores mostraron empregos con peores condicións que, ademais, se deterioraron aínda máis no contexto de crise. Esta especial incidencia corrobora un aumento do risco de traballar en condicións abusivas polo alto nivel de aguante derivado da escasa posibilidade de cambiar de traballo:

Entraba ás 5 até ás 7 coa velliña, mais non tiña contrato, non tiña seguridade social, non me pagaban extras nin nada, nin a que che dan polo Nadal tampouco.

Virginia, 35 anos, República Dominicana, n.º 8

En definitiva, os resultados aquí expostos permitiron constatar un incremento dos procesos de exclusión laboral que, como se observou, están definidos por diversas realidades: a diminución de ofertas laborais, o aumento da competencia laboral, a extensión dos discursos racistas e as actitudes discriminatorias, así como por unha intensa precarización do sector. A esta realidade engádeselle un escenario político e social que reduce tamén a capacidade de protexer estas traballadoras.

4. Recortes e mudanzas na lexislación laboral: un escenario máis excluín-te para as empregadas do fogar

Após numerosos pedimentos e reivindicacións, finalmente, no ano 2011, no marco da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de seguridade social, o réxime especial de empregadas de fogar, regulado desde o ano 1985 polo Real decreto 1424/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do servizo de fogar familiar, fica derogado para que, progresivamente, o sector sexa recoñecido como unha profesión amparada no réxime xeral. Este feito, que supuxo un claro recoñecemento social e laboral destas actividades, incorporaba importantes modificacións que contribuían de xeito relevante a mellorar as condicións laborais das traballadoras. Entre algúns destes cambios salientan a limitación do salario en especie e as horas de presenza, a obriga de facer o contrato por escrito, o dereito á baixa laboral profesional etc.

Porén, a pesar da relevancia deste feito, a súa aplicación nun escenario como o actual derivou en que os efectos da súa implementación tivesen que ser asumidos polas propias traballadoras. É dicir, co fin de loitar contra os empregos irregulares no sector, o paso do réxime especial ao xeral estaba necesariamente vinculado coa obriga de estar contratada e dada de alta na Seguridade Social desde a primeira hora de traballo. Para compensar este custo extra do contrato para os empregadores, algunhas traballadoras víronse obrigadas a reducir o prezo da hora ou limitar as súas horas de traballo nun domicilio. É o caso de Virginia, quen manifesta que lle restan a Seguridade Social do seu salario:

Son 615€, mais descóntanme da Seguridade Social. Véñenme quedando como 585 por 8 horas de traballo, máis que teño pagar a miña comida, teño que pagar transporte, que son catro viaxes ao día. Eles non me pagan as horas extra. Esíxenme que chegue cedo, pero nunca teñen en conta cando me vou tarde... Por iso traballo tamén limpando unhas oficinas. Vou antes de entrar a coidar o neno, estou unha hora e media, unha vez á semana, páganme a 9 a hora.

Virginia, 39 anos, República Dominicana, n.º 8

A esta realidade úneselle que moitos dos empregos do sector estiveron vinculados ao cobramento dunha axuda económica de dependencia, polo que ante a redución das súas contías, da dotación orzamentaria para iso ou dos atrasos no pagamento, moitas traballadoras están en risco de perderen o seu emprego.

5. Estratexias para contrarrestar as dificultades

Neste escenario de precariedade e incerteza, as traballadoras do sector trataron de compensar as dificultades a través de diferentes accións. Con este obxectivo, as estratexias estiveron orientadas a garantir o benestar e a satisfacción das necesidades básicas dos fogares. Así pois, estas alternativas tiveron carácter laboral, procuraron optimizar ao máximo os ingresos familiares a través da redución de gastos ou, como resposta ao risco de perder os permisos de traballo e residencia de moitas persoas desempregadas ou empregadas en economía encuberta non nacionalizadas, desenvolvéronse alternativas que preveñan as situacións de irregularidade.

Os procesos de exclusión en materia laboral e o seu inmediato efecto no cuestionamento da capacidade protectora ou económica do traballo, tratou de ser compensada con estratexias laborais. Entre elas salientan a aceptación de calquera emprego, mesmo a progresiva precarización do propio, demostrar unha flexibilidade e dispoñibilidade total ou combinar varios traballos.

Desenvolver actividades irregulares ou moi precarias para complementar ingresos e garantir, cando menos, a satisfacción das necesidades máis básicas, ou consentir a progresiva precarización do emprego que realiza supón a aceptación de calquera traballo remunerado que se ofrezca sexa de substitución, por horas ou mesmo dun día para outro. A imposibilidade de negarse a estes traballos é manifestada polos fogares como unha evidencia da extrema necesidade que sofren e da total flexibilidade que ofrecen priorizando sempre a incorporación laboral fronte a calquera outro ámbito das súas vidas:

O primeiro traballo que me chega, eu cóllo, xa sexa substitución, sexa por meses, por horas, o que sexa, porque non estou como para rexeitar traballos, e na miña situación que agora estou, todo o que veña é benvido.

Gladis, 35 anos, Bolivia, n.º 18

Igualmente, a combinación de pequenos traballos por horas en domicilios era unha realidade bastante común nos anos previos á crise; agora, coa recesión, é máis frecuente debido a que o número de horas contratadas descendeu e estas traballadoras se atopan na necesidade de combinaren un maior número de fogares:

Entro ás 8 e depende, se saio algúns días ás 11 e media, outros días ás 12 e media, depende das casas que vou... Luns e venres polo regular sempre saio ás 11 e media. Traballo tamén en casas, ás veces os sábados nunha casa, noutra ás veces chámanme os martes e xoves outras dúas horas, e ás veces alá mesmo algunha amiga quere que lle faga a súa casa pois acostuman mandarme, dinme: «Mira, tal persoa necesita en tal lugar, vai facer dúas horiñas» e, se vén ben, pois si. Vou os venres, vou a outra, traballo tres horas para a señora que xa traballara con ela. Antes ía máis días, mais agora soamente tres horiñas os venres.

Isabel, 37 anos, Ecuador, n.º 4

Os relatos cristalizan que o desenvolvemento desta estratexia consegue garantir o mínimo de ingresos necesario para soste un fogar, mais ten tamén importantes custos en materia relacional e familiar. Iso débese a dúas razóns fundamentais: a necesidade, dunha banda, de ir a máis domicilios, é dicir, con máis tempo investido en desprazamentos, para traballar as mesmas horas que antes; e, da outra, a procura de máis casas levou estas persoas a traballaren os sete días da semana.

Fernanda exemplifica esta dispoñibilidade total. Ela renuncia a pasar tempo coa súa familia co obxectivo de incrementar ou garantir os ingresos do fogar. O desenvolvemento destas estratexias reduciu o lecer destas persoas, as relacións interpersoais e o tempo familiar, polo que, para compensar os procesos de exclusión en materia económica, desenvolven outros de carácter relacional. O equilibrio entre un e outro dependerá da intensidade destes efectos:

Vou cando me chaman, é unha cousa pola outra. Sacrifico non poder estar con elas [as fillas], porque claro, son os días que elas non teñen clase. Pero, en fin, tamén é o outro, que cando sexa eu consigo 20 euros, 30 euros... Ou se estou máis horas, unhas 4-5 horas, danme uns 40 euros, entón con iso xa conto que teño para comprar a comida, para axustarme para a semana.

Fernanda, 38 anos, Ecuador, n.º 10

Estas estratexias lograron previr unha ruptura total co emprego ou compensaron a redución de ingresos, mais foron xeralmente combinadas con alternativas que optimizasen ao máximo os ingresos do fogar ou que, nos casos máis extremos, garantisen a satisfacción das necesidades máis básicas. Cabe salientarmos a redución do gasto familiar, tanto na redefinición das prioridades ou o abaratamento da cesta da compra, como a redución das remesas e as chamadas ou viaxes ao país de orixe.

Agora, pois, ao meu fillo mándolle 50 ou 100, xa que se outro mes teño máis, mándolle... mándolle máis e se teño menos menos. Non teño unha mensualidade fixa para mandarlle.

Fernanda, 38 anos, Ecuador, n.º 10

A retirada ou a redución destes apoios á orixe débese ao obxectivo de garantir a súa sustentabilidade no destino. Esta realidade é un novo indicador da extrema vulnerabilidade que están a padecer moitos fogares. A dureza desta estratexia responde a que deixar de enviar cartos ou reducir a cantidade destes, como no caso de Fernanda, pode ser interpretado na orixe como unha desatención ou como un fracaso do proxecto migratorio. Así mesmo, tamén se identificou que, nos casos máis extremos, a retirada de axudas non foi suficiente. Sandra trasládanos no seu relato o apoio que algunhas persoas migrantes están a recibir dos seus familiares no país de orixe a través do que se denominou «remesas invertidas».

Mandáballe á miña nai, mais a miña nai non necesita porque a miña nai é xubilada, a miña irmá tampouco. Agora, pois, a miña irmá dime: «Se ti estás mal, leva a miña nai, que mamá ten unha boa paga e xa che pode axudar economicamente».

Sandra, 57 anos, Ecuador, n.º 7

Como se adiantaba na alínea anterior, outra das consecuencias máis relevantes do incremento do desemprego ou da precarización dos traballos para as persoas de orixe estranxeira non nacionalizadas foi a perda do vínculo co mercado de traballo ou o esgotamento das prestacións por desemprego no momento da renovación dos permisos. Iso elevou o número de fogares que non puideron renovar os seus permisos de traballo ou residencia. Esta realidade deixou nunha situación irregular fogares e persoas cunha traxectoria laboral extensa e un itinerario vital asentado, obstaculizando claramente os procesos de integración desenvolvidos. Alén diso, e non menos importante, é unha realidade que ten importantes consecuencias no itinerario vital e administrativo do conxunto de persoas que compoñen o fogar, debido a que moitos permisos de residencia se vinculaban ao contrato de traballo dunha delas.

En consecuencia, previr a perda dos permisos foi unha prioridade na maioría de fogares en circunstancias como as mencionadas. Co propósito de evitar esta situación, articúlanse estratexias como autoempregarse ou rexistrarse na Seguridade Social e asumir a cota sen ter un emprego real. Entre algúns dos exemplos atopados, Isabel representa as persoas que optaron por se converter en autónomas no sector doméstico e de coidados. Outras persoas, caso de Gladis, vincularon a súa cotización a un emprego ficticio. Ambos os exemplos relatán os grandes esforzos económicos e persoais para enfrontar o pagamento

da citada cota:

Paseina así traballando: limpando casas, pagándome a Seguridade Social eu mesma para poder non perder os papeis... Xa renovei a segunda tarxeta.

Isabel, 37 anos, Ecuador, n.º 4

Fíxome o favor e facilitoume un contrato de empregada de fogar, comezando eu a pagarme a Seguridade Social e así conseguir o permiso de traballo. Era moi duro estar a pagar unha cotización á Seguridade Social sen ter emprego.

Gladis, 35 anos, Bolivia, n.º 18

En definitiva, a pesar de que nalgúns fogares a intensidade é tal que as estratexias se converten case en respostas de contrarresto instintivas, o seu desenvolvemento reforza a hipótese do esforzo, da actividade e da inconformidade dos fogares na loita pola supervivencia.

6. Estratexias non exentas de custos: un factor de integración ambivalente

Como se comproba, o desenvolvemento destas estratexias freou os procesos de exclusión e compensou moitas das dificultades mencionadas. Ora ben, como xa se anunciaba en anteriores epígrafes, tales accións non estiveron exentas de custos, xa que a súa posta en marcha tivo tamén importantes implicacións cotiás que puideron culminar no desenvolvemento de novos procesos de exclusión.

Tal e como se presenta na seguinte táboa, a cal evidencia o carácter dinámico dos procesos de exclusión e integración a partir da concatenación de efectos que xorden do desenvolvemento de estratexias, os efectos poderían categorizarse en tres espazos fundamentais: o económico, o social-relacional e o persoal.

Proceso de exclusión	Estratexia	Custo
Menos emprego	Aceptar calquera condición laboral	Precarización das condicións laborais
Máis precariedade	Pluriemprego	Estrés, redución do tempo de descanso, menor dedicación á familia, malestar, empeoramento da saúde
Menor capacidade adquisitiva	Reducir chamadas e vacacións/visitas	Risco de conflitividade e illamento social
Inestabilidade e redución de ingresos	Retirar ou diminuír remesas	Malestar por «desatender» obrigas adquiridas ao migrar, conflitividade familiar, risco de perda de relacións
Dificultade para garantir as necesidades máis básicas	Remesas invertidas	Perda de autonomía e autoestima
Risco ou perda de permisos	Contrato falso ou autoemprego	Risco de privacións e menor capacidade económica

Táboa 1. Resumo de procesos de exclusión, estratexias e custos. Fonte: elaboración propia.

En primeiro lugar, o esforzo económico que supón enfrontar as cotizacións sen un salario real para garantir a renovación dos permisos pode culminar en privacións nos fogares ou contribuír a limitar a capacidade económica do fogar a curto, medio e longo prazo.

En segundo lugar, a nivel social e relacional, o pluriemprego, a aceptación de calquera condición de traballo, a redución do gasto en lecer, internet e teléfono, e a retirada de axudas como as remesas poderían estar a limitar o espazo relacional e potenciando o illamento destas persoas. Iso é debido a un posible incremento das situacións de conflitividade no fogar, menor tempo para as relacións ou a atención á familia, ou o empeoramento da relación coa familia na orixe por non facer fronte ás responsabilidades asumidas ao migrar. Este proceso, ademais, implicará unha redución do apoio informal destes fogares no futuro.

Por último, no persoal, ante medidas como a redución do gasto, o acceso ou a aceptación de traballos moi precarios, o pluriemprego ou as remesas invertidas destaca o incremento do estrés, a redución do tempo de descanso, o empeoramento da saúde, o malestar por «desatender» obrigas adquiridas ao migrar, a desmotivación ou a perda de autonomía persoal e a autoestima.

7. Conclusións

A análise presentada puxo o foco no impacto da crise nas empregadas do sector doméstico e de coidados en España. A pesar destas realidades poderen ser trasladadas a outros moitos sectores, a tradicional precariedade deste emprego, os factores de exclusión que acumulan os fogares encabezados por estas traballadoras ou o recorte das axudas á dependencia contribuíron a que os efectos da recesión azouten de xeito intenso estes fogares.

Como primeira idea fundamental da análise cabería subliñarmos que o detonante máis común das situacións de dificultade é a ruptura co emprego. Entre algúns destes procesos salientan a diminución de ofertas de emprego, o aumento da competencia, o atraso no pagamento das axudas á dependencia que sustentan os contratos, a precarización das condicións de traballo, a asunción dos custos vinculados ao réxime xeral, a intensificación das actitudes racistas e discriminatorias etc.

En segundo lugar é importante salientarmos que a pesar da intensidade de moitas situacións de dificultade, os fogares están a facer importantes esforzos por garantiren os seus empregos, o nivel necesario de ingresos e mesmo tratar de previr situacións de irregularidade. Como exemplo de tales esforzos poderían mencionarse o aceptar calquera emprego e/ou condición laboral, combinar o traballo de varios domicilios, retirar remesas, requirir apoios desde a orixe a través da remesa invertida e o autoemprego ou o falso contrato, entre outras estratexias.

No entanto, a propia intensidade das dificultades fai cuestionar o propio termo de estratexia, debido a que a posibilidade de decidir é moitas veces limitada nas realidades máis extremas. Con todo, malia a propia controversia do concepto, apóstase por este para identificar estes esforzos que subliñan a actividade e a potencialidade dos fogares para enfrontaren dificultades.

Por último, a terceira conclusión é o carácter ambivalente das estratexias. Iso é debido a que a pesar de conseguir contrarrestar as dificultades, o seu desenvolvemento pode xerar novos espazos de dificultade vinculados ao empeoramento da saúde, o incremento da conflictividade, a perda de autonomía

e a autoestima ou o malestar por sentir que se desatenden responsabilidades adquiridas ao migrar, entre outros factores. Así pois, as estratexias contribúen a limitar efectos, mais non están exentas de consecuencias. De resto, e non menos importante, os resultados tamén subliñan as consecuencias asociadas ao recorte das axudas á dependencia ou o paso do réxime especial de empregadas de fogar ao réxime xeral nun momento de crise, debido a que o seu custo foi tamén asumido polas propias traballadoras. En definitiva, todos estes resultados son conclusións que abren, á súa vez, novos espazos de reflexión vinculados ao futuro deste sector e das condicións laborais das súas traballadoras, polo que é un obxecto de estudo inserido nunha realidade económica, social e política cambiante que haberá que retomar en próximas análises.

Referencias bibliográficas

AGRELA, B. (2002) «La política de inmigración en España: Reflexiones sobre la emergencia del discurso cultural» *Revista migraciones internacionales* 1(2), pp. 93-121.

CACHÓN L. e LAPARRA, M. (2009) *Inmigración y políticas sociales*. Barcelona, Ediciones Bellaterra.

FERNÁNDEZ RASINES, P. e MARTÍNEZ VIRTO, L. (2011) «Mujeres migrantes precarizadas por la gestión de los trabajos reproductivos: un breve acercamiento a sus condiciones de vida» *Revista E-Investiga* 1.

LAPARRA NAVARRO, M. e PÉREZ-ERANSUS, B. (coords.) (2011) *El primer impacto de la crisis en la cohesión social*. Madrid, Fundación Foessa/Cáritas.

LASHERAS, R. (2011) *Umbrales. Minorías religiosas en Navarra*. Madrid, Icaria.

MARTÍNEZ VIRTO, L. (2013) *Procesos de exclusión en un contexto de crisis: las estrategias como factor de integración*. Tese de doutoramento presentada no seo do Departamento de Traballo Social da Universidade Pública de Navarra.